

Roberto Tizón Miguéns con DNI _____ e enderezo, para os efectos de notificación, nos locais sindicais da CIG sitos no Pazo de María Pita, na súa condición de responsable da sección sindical da CIG no concello da Coruña, en relación coa proposta de acordo sobre a reclasificación da Policía Local deste concello presentado polo Goberno Municipal o luns 30 de novembro de 2009 temos que manifestar o seguinte:

1. Ao noso entender, os policías do concello da Coruña teñen dereito a estar reclasificados no grupo C1 dende o momento en que accederon os funcionarios que ingresaron mediante a superación de probas de acceso ao grupo C1, maio do 2009.
2. Os policías que ingresaron en maio de 2009 fixeron en aplicación dunhas bases de convocatoria na que se manifestaba expresamente que as súas retribucións complementarias serían as que figuran na RPT, como se recoñece na propia proposta de acordo.
3. En atención ao manifestado nos dous puntos anteriores os policías do concello da Coruña teñen dereito ás retribucións básicas do grupo C1 e as retribucións complementarias que figuran na RPT dende maio de 2009.
4. A aplicación dos puntos 1º e 2º deste acordo fará que os policías perdan entre maio de 2009 e xaneiro de 2012 a cantidade de **2270.44€** como mínimo.
5. Non estamos de acordo con modificar os niveis de CD resultantes do acordo de RPT sen ningún tipo de xustificación ou método que se poda aplicar a tódolos postos que estean na mesma situación. Para substituír o punto 3º propoñemos que nun prazo máximo de 6 meses o Goberno Municipal se comprometa a aprobar o sistema de promoción horizontal esbozado nas conversa do acordo da RPT.
6. Non estamos de acordo con modificar os niveis de FR resultantes do acordo de RPT sen ningún tipo de xustificación ou método que se poda aplicar a tódolos postos que estean na mesma situación. O sistema empregado na proposta de acordo e dobremente discriminatoria xa que por un lado se lles sube o nivel de FR pero polo outro non se lle sube nivel de valoración dos complementos, cousa que para o resto do persoal vai intimamente asociado.
7. **A pesar de que se apliquen os puntos 3º e 4º da proposta de acordo os policías non recuperarían o que perden por non reclasificarse ao 100% en maio do 2009 ate XUÑO DE 2014.**

Polo anteriormente exposto a Sección Sindical da CIG no concello da Coruña no pode apoiar esta proposta de acordo para a reclasificación da policía local.

A Coruña, 1 de decembro de 2009


Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACIÓN LOCAL

Mto. de A Coruña /
Concello da Coruña
REGISTRO GENERAL / REXISTRO XERAL
ENTRADA/ENTRADA
Fecha/Data 02-12-09 09:15:37
N. Neg/Gen/N. Neg/Xer 47.321 / _____
Código/Código RMPET10IH

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA CORUÑA

XUSTIFICACIÓN ECONÓMICA DA PROPOSTA DO CONCELLO

NÚMERO DE POLICIAS E CABOS 379

SALARIO BASE C1 732.51 €MENSUAIS

SALARIO BASE C2 598.95 €MENSUAIS

C1-C2= 133.56 €

CANTIDADES QUE SE DEIXAN DE COBRAR

DE MAIO 2009 A XUÑO 2010 = $133.56 \times 13 = 1736.28 \text{ €}$

DE XUÑO 2010 A XANEIRO 2011= $53.424 \times 7 = 373.96 \text{ €}$

DE XANEIRO 2011 A XANEIRO 2012 = $13.35 \times 12 = 160.2 \text{ €}$

TOTAL PERDIDO ENTRE MAIO 2009 XANEIRO 2012 = 2270.44 €

CANTIDADES RECUPERADAS EN FUNCIÓN DO NIVEL 18 E O FR 6

NIVEL CD 16 = 367.23 €

CD 18- CD 16 = 47.08 €

NIVEL CD 18 = 414.31 €

DIFERENCIA ENTRE FR 5 E FR 6 = 43.96 €

RECUPERADO ANO 2012 = $47.08 \times 12 = 564.96 \text{ €}$

TOTAL PERDIDO A XANEIRO 2013 = $2270.44 - 564.96 = 1705.48 \text{ €}$

RECUPERADO ANO 2013 = $(47.08+43.96) \times 12 = 1092.48 \text{ €}$

TOTAL PERDIDO A XANEIRO 2014 = $1705.48 - 1092.48 = 613 \text{ €}$

RECUPERADO A 23 DE XULLO 2014 = $(47.08+43.96) \times 6.734 = 613.3 \text{ €}$

**O 23 DE XULLO DE 2014 SE ACADARA UN
BENEFICIO DE 0,3 €MENOS IMPOSTOS**